



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Dereito e biomedicina		Código	612G01040
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuádrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	GalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público Especial			
Coordinación	Seoane Rodriguez, Jose Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.seoane@udc.es	
Profesorado	Seoane Rodriguez, Jose Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.seoane@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Dereito e biomedicina examina as respostas xurídicas ás cuestións relativas á vida e a saúde, dous valores individuais e sociais moi apreciados Mediante o estudo das fontes normativas e bibliográficas, a análise de casos, sesións maxistras e seminarios, os estudantes coñecerán polo miúdo como protexe o Dereito a vida e a saúde e como responde ás novidades biomédicas e biotecnolóxicas, prestando especial atención á perspectiva dos dereitos humanos e ás resolucións dos Tribunais Constitucionais e mais ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A15	Capacidade de negociación e mediación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir coñecementos e habilidades para identificar, comprender e avaliar a dimensión xurídica da biomedicina e das profesións sanitarias	A3 A4 A5 A8 A9	B8 B11 B3 B5	C1 C4 C6 C7 C8
Adquirir coñecementos e habilidades para interpretar e resolver os problemas xurídicos que prantexan a biomedicina e as profesións sanitarias	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15	B7 B8 B11 B2 B3 B5	C1 C4 C6 C7 C8
Adquirir habilidades argumentativas para intervir nos procesos de toma de decisións no ámbito biomédico e asesorar aos profesionais sanitarios	A4 A5 A8 A9 A10 A15	B7 B8 B10 B11 B2 B3 B5	C1 C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
PARTE I	.
Tema 1. Normas	1. A regulación da biomedicina. Bioética. Deontoloxía. Política sanitaria. Biopolítica. Bioeconomía. Biodereito e Dereito biomédico 2. A regulación xurídica da biomedicina. Dereitos humanos. Constitución. Globalización. Regulacións nacionais e internacionais. 3. Xustiza e saúde. O significado xurídico da saúde. O acceso á protección da saúde.
Tema 2. Razóns	1. Feitos. Valores. Deberes. Dereitos. 2. A deliberación bioética. Os comités de ética 3. A argumentación xurídica. Razoamento xurídico e dereitos fundamentais
Tema 3. Suxeitos	1. A relación clínica e a relación de investigación. Do paternalismo á autonomía e os dereitos 2. Usuarios, pacientes e suxeitos de investigación: dereitos, deberes e responsabilidades 3. Profesionais asistenciais e investigadores: dereitos, deberes e responsabilidades 4. Administración. Empresa. Sociedade
Tema 4. As profesións biomédicas	1. Actos clínicos. Actividades de investigación 2. Boa práctica clínica e "lex artis" 3. A responsabilidade das profesións biomédicas. Ética. Deontolóxica. Xurídica. 4. Obxección de conciencia.



Tema 5. As autonomías do paciente	<ol style="list-style-type: none">1. Autonomía decisoria. Consentimento informado. Instrucións previas. Decisións de representación2. Autonomía informativa. Intimidade, confidencialidade e segredo. Os datos biomédicos. A historia clínica3. Autonomía funcional. Discapacidade, dependencia e autonomía.4. Os límites da autonomía. Autonomía e saúde pública.
PARTE II	.
Tema 6. O comezo da vida	<ol style="list-style-type: none">1. O estatuto do embrión2. Sexualidade e reprodución. Existe un dereito á reprodución?3. Técnicas de reprodución humana asistida. Existe un dereito á maternidade/paternidade?4. Intervencións xenéticas5. Euxenesia e melloramento humano6. Anticoncepción7. Aborto. Pode ser o aborto un dereito?8. Clonación9. Que hai de malo na discapacidade? Modelos e significado10. Existe un dereito a non ter nacido?
Tema 7. O final da vida	<ol style="list-style-type: none">1. O significado xurídico da morte2. Os escenarios do final da vida3. A eutanasia4. Existe un dereito a morrer?5. A extracción e o transplante de órganos e tecidos6. Son o corpo humano e as súas partes unha "res extra commercium"?
Tema 8. Investigación biomédica	<ol style="list-style-type: none">1. Existe un deber de investigar?2. O imperativo de investigación3. A liberdade de investigación4. Principios e garantías da investigación biomédica5. Regulación xurídica da investigación biomédica6. A investigación con seres humanos7. A investigación con animais8. A investigación biotecnolóxica

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6	6	12	18
Proba obxectiva	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B3 C1	1.5	6	7.5
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B8 C6 C8	12	24	36
Obradoiro	A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B7 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6 C7 C8	4	12	16



Análise de fontes documentais	A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B10 B3 B5 C1 C6 C8	10	20	30
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<p>Análise de supostos paradigmáticos que presentan as relacións entre o Dereito e a biomedicina, e que en ocasións prantexan problemas e/ou solucións diferentes ás tradicionais.</p> <p>O estudante debe aprender a identificar e analizar as cuestións xurídicas implicadas, deliberar sobre elas e chegar a unha conclusión empregando argumentos xurídicos.</p> <p>O estudo de casos permite desenvolver as habilidades argumentativas e aplicar os coñecementos a situacións concretas.</p> <p>Se prestará especial atención aos casos analizados nas sentenzas biomédicas/ bioéticas/ bioxurídicas do Tribunal Constitucional español e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, completándoo con resolucións do Tribunal Supremo español e doutros órganos xurisdiccionais internacionais</p>
Proba obxectiva	A proba obxectiva ou exame é o método empregado para avaliar a aprendizaxe dos coñecementos teóricos doutrinais (fontes bibliográficas) e normativos (fontes legislativas e xurisprudenciais)
Sesión maxistral	Mediante a exposición oral o profesor procura transmitir a singularidade da linguaxe, os conceptos e o significado das normas xurídicas biomédicas, outorgando preferencia a un enfoque baseado nos dereitos humanos/fundamentais. Así mesmo, comenta os aspectos máis sobranceiros do temario e das fontes documentais manexadas.
Obradoiro	<p>Este método, baixo a tutela do profesor, permite o estudo de temas monográficos con maior profundidade e detalle, combinando varias metodoloxías (análise de fontes documentais, especialmente legislativas e xurisprudenciais; estudo de casos,...).</p> <p>O estudante participa dun xeito máis activo, poñendo en práctica os seus coñecementos e as súas habilidades argumentativas, orais e escritas.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Parte importante da resposta xurídica á biomedicina está contida na lexislación (internacional, comunitaria europea, estatal e autonómica) e xurisprudencia (en especial do Tribunal Constitucional español e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos).</p> <p>A lectura, comprensión e avaliación crítica destes textos normativos é unha vía importante para o desenvolvemento da materia e para a comprensión histórica e sistemática das relacións entre biomedicina e Dereito.</p> <p>O carácter básico da análise das fontes documentais, bibliográficas e normativas, se manifesta na súa presenza e influencia no desenvolvemento das restantes metodoloxías.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Guía e asesoramento na selección e análise das fontes bibliográficas e normativas
Obradoiro	Guía e asesoramento na selección dos temas dos obradoiros e nos procesos argumentativos e deliberativos sobre os textos normativos e os casos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B10 B3 B5 C1 C6 C8	Avaliación da capacidade de selección, interpretación, exposición e análise, escrita e oral, das fontes documentais (bibliográficas e, especialmente, normativas -legislativas e xurisprudenciais-)	30
Proba obxectiva	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B3 C1	Avaliación dos coñecementos impartidos nas sesións maxistras e os extraídos da análise das fontes documentais. A proba terá preferentemente carácter oral.	40



Obradoiro	A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B7 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6 C7 C8	Avaliación da capacidade de selección, interpretación, exposición e análise dos temas da materia e das fontes bibliográficas e normativas (lexislativas e xurisprudenciais). Avaliación das habilidades argumentativas, especialmente orais, e da participación nas deliberacións nas sesións presenciais.	30
-----------	---	---	----

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Roberto Andorno (2013). Principes of international biolaw. Bruxelles: Bruylant - André den Exter (ed.) (2010). Human rights and biomedicine. Antwerpen: Maklu - Jonathan Herring (2010). Medical law and ethics. Oxford: OUP - Carlos María Romeo Casabona (dir.) (2011). Enciclopedia de Bioderecho y Bioética. Granada: Comares; Deusto: Cátedra Interuniversitaria Fundación BBVA-Diputación Foral de Bizkaia de D - Andrés Ollero (2006). Bioderecho: entre la vida y la muerte. Cizur Menor (Navarra): Thomson-Aranzadi - Javier Sánchez-Caro, Fernando Abellán (2003). Derechos y deberes de los pacientes (Ley 41/2002, de 14 de noviembre). Granada: Comares - Javier Sánchez-Caro y Fernando Abellán (2006). Derecho del médico en la relación clínica. Granada: Comares <p>Normativa xurídica básica Constitución española Constitución europea Convención dos dereitos das persoas con discapacidade Código civil Lei de axuizamento civil Código penal Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Convenio para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto ás aplicacións da Bioloxía e a Medicina (Convenio relativo aos dereitos humanos e á Biomedicina) (Consello de Europa, 1997) Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e a historia clínica dos pacientes Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde Real Decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galiza Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia. Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos Real Decreto 2070/1999, do 30 de decembro, polo que se regulan as actividades de obtención e utilización clínica de órganos humanos e a coordinación territorial en materia de órganos e tecidos humanos Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica Real Decreto 223/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos Real Decreto 1201/2005, do 10 de outubro, sobre protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos Xurisprudencia do Tribunal Constitucional (STC 53/1985, STC 120/1990, STC 116/1999, STC 154/2002, STC 37/2011) Xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos humanos, Tribunal Supremo, Tribunal de Xustiza da Unión Europea e outros órganos xurisdiccionais nacionais e internacionais (Reino Unido, EE.UU., Canadá)</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías